

PROCEDEMENTO: CT402D – Salas de artes escénicas de titularidade privada

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. No *Diario Oficial de Galicia* número 239 do día 19 de decembro de 2023 publícase a Resolución do 30 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e pola que se convocan para o ano 2024. (Código do procedemento CT402D).
2. Logo de rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 19 de xaneiro de 2024, procédese ao estudo de todas as recibidas e da documentación complementaria presentada e realízanse os pertinentes requirimentos.
3. O día 7 de febreiro de 2024 réunese a comisión avaliadora para estudar e analizar as solicitudes e a documentación complementaria.
4. O día 09 de febreiro de 2024, unha vez instruído o procedemento e entregado o informe preceptivo por parte da comisión avaliadora, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instructor, ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes susceptibles de percibir subvención e o importe económico que se propón para cada unha delas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no artigo 18.2 da Resolución do 16 de decembro de 2021, que establece que o presidente do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2021, DOG n.º 164), deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da proposta de resolución.
2. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada recibidos ao abeiro da convocatoria para o ano 2024, co código de procedemento CT402D, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.



- O día 7 de febreiro de 2024, a comisión avaliadora reúnese para avaliar as solicitudes conforme aos criterios de valoración expresados na base décimo segunda da convocatoria e emite a súa acta e o correspondente informe.
- Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic presenta a súa proposta de resolución o día 9 de febreiro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

- Admitir as seguintes solicitudes por cumprir os requisitos de presentación e prazo establecidos pola convocatoria:

Nº DE EXPEDIENTE	NIF	PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO DA SALA
CT402D/2024SA/1	B09950072	Sala Artika, SL	Sala Artika 2024
CT402D/2024SA/2	B15809619	Teatro del Andamio, SL	Sala Teatro del Andamio 2024
CT402D/2024SA/3	B36920247	Teatro Ensalle, SLL	Teatro Ensalle 2024
CT402D/2024SA/4	B70061403	Gurugú Produccions, SL	Sala Gurugu 2024

- Concederlles unha subvención ás persoas solicitantes polos proxectos e coas contías que se relacionan no cadro que segue:

PERSOA SOLICITANTE	PROXECTO DA SALA	SOLICITADO	PUNTOS	ADXUDICADO
Sala Artika, SL	Sala Artika 2024	75.000,00	36	75.000,00
Teatro Ensalle, SLL	Teatro Ensalle 2024	75.000,00	33	69.616,85
Teatro del Andamio, SL	Sala Teatro del Andamio 2024	40.045,00	28,6	32.214,66
Gurugú Produccions, SL	Sala Gurugu 2024	32.500,00	25,6	23.168,49



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor de Agadic

Román Rodríguez González

